

## O galego e o portugués fían as pezas do Teatro do Porvir

As obras seleccionadas representaranse o 18 de novembro



'Menú-do-día', de ChamizoBelloVila, elixida na edición de 2022. (Foto: FIOT)



Redacción  
13/out./23

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/galego-portugues-fian-pezas-do-teatro-do-porvir/20231013205328179789.html>

A lingua galega e a portuguesa serán o fío que conecte os proxectos seleccionados para o **VI Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2023: Galiza + Portugal**, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

**Sete proxectos de artes escénicas que utilicen textos en galego ou portugués**, individuais ou colectivos, para un espectáculo en calquera das modalidades e xéneros das artes escénicas serán elixidos de entre todos os presentados.

O comité de selección está formado pola comisión organizadora da AELG; Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña; Luís Miguel Franco da Silva,

director do Teatro Diogo Bernardes de Ponte de Lima; e Célia Guido Mendes, en representación do CCP en Vigo do Instituto Camões. O xurado basearase en criterios artísticos e **escollerá catro propostas da Galiza e tres de Portugal.**

A cada un dos proxectos galegos asignaráselle un **orçamento** de 350 euros, sendo a contía de 450 euros para os portugueses.

As pezas elixidas deberán ser representadas no festival, do cal sairá a recoñecida co II Premio IV Festival de Pezas dun Teatro do Porvir 2023, que decorrerá o **sábado 18 de novembro** no Fórum Metropolitano da Coruña.

### **Apoiar novos proxectos**

Este festival enmárcase nas **Xornadas da Sección de Literatura Dramática da AELG**, que naceron coa vocación de pór o foco nunha das manifestacións "máis senlleiras e estratéxicas dun sistema literario e dunha cultura de seu".

Trátase dunha proposta que busca apoiar e fomentar novos proxectos escénicos a través dunha convocatoria e mostras dos mesmos, nunha xornada na que os e as participantes comparten, analizan e debaten sobre o sector. Ao tempo, **tamén se procura abrir pontes, dentro do Eixo Atlántico, con Portugal.**